

# **TALLER DE ESCRITURA**

## **De 6 a 8 sesións (adultos e maiores de 16 anos)**

### **“Como conseguir rematar unha historia”**

#### **Contidos**

Neste taller afondarase nos elementos básicos dunha historia e trataranse aqueles outros que resulten de interese para os participantes. O obxectivo será crear unha única historia que non só teña un comezo se non que chegue ao seu final mantendo a atención do lector e ofrecendo coherencia e profundidade narrativa.

- Cal é a orixe das historias?
- Elementos a ter claro antes de comezar a escribir
- Personaxes: estudarase a creación de personaxes e discutiránse os erros máis comúns.
- Practicarase a redacción de esquemas de ideas coa estrutura ABDCE de Alice Adams.
- Falarase sobre o “camiño do heroe” de Joseph Campbell, das súas variacións e de como se pode modificar para xogar coa estrutura da trama.
- Creación de conflito e como facer que un texto enganche

#### **Quen pode participar**

Este taller está dirixido a adultos ou mocidade maior de 16 anos.

#### **Finalidade e competencias a adquirir**

O obxectivo é axudar ao participante a conseguir a confianza necesaria para non só comezar a escribir se non tamén para rematar os proxectos iniciados. Unha das partes máis difíciles da escritura é ser capaz de rematar unha historia xa que é un proceso longo que require un alto nivel de dedicación sen saber moi ben como serán os resultados. É así que con este taller se aportan as ferramentas necesarias para facilitar o camiño.

#### **Motivación**

Este taller deseñouse coa idea de ofrecerlle aos escritores noveles as ferramentas necesarias para adentrarse sen medos neses proxectos que imaxinan pero non saben como levar a cabo. Cando un se senta ante un papel en branco, con mil ideas na cabeza e moita imaxinación, a miúdo perde a motivación ao non ser capaz de organizar o traballo que escribir unha historia longa supón. Sabendo que moitas veces, máis importante que os recursos e información dispoñible, é o apoio que os e as escritores noveles reciben, propoñemos este taller no que se pretende ofrecer ese primeiro empurrón.